

Na poesía
feminina non
todo van ser tics
erotómanos
e feministas.
Ou poden selo,
pero de moitas
maneiras.

A moza que sabe

Os hemisferios · María do Cebreiro · Galaxia. 2006 · 93 páx. · 12,5 euros

A última obra de María do Cebreiro vén tan galvanizada, trae tanto pouso, que é difícil marcar nela versos prescindibles. A exhibición de madurez sorprende. Estamos diante dunha autora nova: 30 anos. Experimentada lectora, filóloga e tradutora, dacordo. Pero a suma de todo iso non dá por forza un artista. Para ser artista hai que ver en espectros *infra* ou *supra*, acceder a coñecementos que se agochan detrás do evidente. En poesía, isto é particularmente rotundo.

Se o currículo non é aval para tan ardua tarefa, moito menos o márketing, coa súa insistencia en proceder por redución e crear etiquetas de consumo rápido. Vale que temos unha xeración de mulleres poetas, novas ou moi novas, que están a escribir cunha pericia admirable. Pero na «poesía feminina» —e quede constancia de que dubidamos que exista iso: unha poesía feminina— non todo van ser tics erotómanos e feministas. Ou poden selo, pero de moitas maneiras. Cando se tira por elevación, o evidente é un lastre incómodo.

É *Os hemisferios* un libro que pareza escrito por unha muller? Alenta na voz da autora un eu-feminino que se explicita como tal e fai desta condición a súa panca interpretativa e creativa? Eu digo que non. En todo caso, a femiñidade existe como substrato vital anterior á voz, ese ao que non se pode renunciar por escolla libre. En diante deste texto —o texto, eis o único que conta—, a voz que abrolla é a da persoa sen adxectivos nin accidentes. Mellor dito, a das persoas. Persoas que son os ou as en función da marca gramatical —e non confundamos, por favor, a gramática co mundo—. Persoas que interaccionan entre elas. Porque ese é o gran tema do libro: o contacto.

O contacto. Que pode revestir formas moi diversas. Pode ser o *desideratum* inalcanzable das rec-

tas paralelas. Ese que se produce entre a linguaxe literaria e o mundo, por exemplo. Nunca chegarán a se fundir, e os mellores notarios deste desencanto sempre foron e serán os poetas. Tamén aquí, en María do Cebreiro: «O texto non está/ dentro da natureza. A natureza está/ fóra do texto».

É a constatación dun límite. E permite facer unha segunda e pouco confortante inferencia: que tampouco as palabras erixen —a miúdo— a ponte axeitada para acceder aos outros, a eses alteregos que perfilan os filósofos ben intencionados. No aspecto formal, un dos grandes logros do libro é o emprego de diálogos alucinantes —alucinatorios— que soan no oído como os ecos perdidos nunha sala baleira. Non é casual que eses poemas teñan por título o nome dalgún planeta. Xa se sabe, os planetas: corpos solitarios nun espazo escuro. Condeados a non se atopar nunca. (Aínda que teño a sospeita de que moitos deses diálogos son a falsa pantalla dun monólogo. Pois en todos nós hai dúas metades. Como mínimo).

Os hemisferios. Velaí o quid. Metades que se complementan e se requiren. Metades que, paradoxalmente, configuran mundos autónomos. Os hemisferios cerebrais, os deste planeta... Os binomios básicos do pensamento (seco-mollado, luminoso-escuro, masculino-feminino...) Pregoar estas dualidades en perpetuo desencanto leva, inevitablemente, a un ton nostálxico. Que non é o mesmo que elexíaco, mais está perigosamente próximo. Como todos os poetas saben, a soidade é a antesala da morte.

Con toda esta materia prima, cuxo acceso e manipulación están vedados ás voces inexpertas, María do Cebreiro tece un lenzo de lucidez triste. Na contracapa do libro alúdese, atinadamente, ao xeo, que é duro e frío, que permite intuír cousas e ao mesmo tempo vélaas. Tamén a escrita é aquí contundente. Pero non cruel. Nunca cínica.

// Manuel Darriba